

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o final do curso académico 2015-2016 e prorrogarase automaticamente por curso académico se non hai denuncia por ningunha das partes.

Que o convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo cara a posta en marcha do programa “Correspondentes universitarios” entre o seu alumnado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle a xestión das actuacións en materia de xuventude. No ámbito destas competencias e de acordo coa Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, o principio de información convértese en garantía e presuposto da participación da xuventude e de aí a necesidade de artellar mecanismos para que a información sobre os recursos, programas e iniciativas públicos destinados á mocidade chegue ao maior número de ámbitos posible, ocupando un lugar principal, o ámbito universitario.

Para estes fins, a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo, conscientes da importancia e da necesidade de que o colectivo dos mozos e mozas universitarios poida contar con información sobre os recursos públicos, programas e iniciativas dos



que se poden beneficiar e nos que poden participar, deciden aunar esforzos e traballar xuntos co obxectivo principal de dotar aos mozos e mozas universitarios da información necesaria para facilitarlles unha participación máis plena na sociedade.

Existe pois un interese común entre a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e a Universidade de Vigo en achegar medios para a consecución dese obxectivo último de contar cunha poboación universitaria máis e mellor informada, colaborando na posta en marcha do programa Correspondentes Universitarios, neste caso entre o alumnado da Universidade de Vigo.

Esta colaboración non implica compromisos económicos para ningunha das dúas partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Cecilia Vázquez Suárez

